



Monográficos arredor da oralidade Programación do CIOV

No mes de abril de 2024, van ter lugar os seguintes monográficos no Verbum ([Avda. de Samil, 17](#)):

- Martes, 23 de abril. O feito trobadoresco na súa globalidade oral por Xabier Ron
- Xoves, 25 de abril. A musicalidade da palabra por Paco Barreiro
- Martes, 30 de abril. Os monstros nos pregos de Cordel e noutros escritos por Félix e Castor Castro Lorenzo



Programa do acto do martes, 23 de abril de 2024 por Xabier Ron. De 17:00 20:00

► A idea central é tratar o feito trobadoresco na súa globalidade oral: o texto que hoxe lemos e a melodía que se pode deducir dos Pergamiños Vindel (cantigas de amigo de Martín Códax) e o Pergamiño Sharrer (cantigas de amor do rei portugués Don Denis).

A través dunha serie de textos debullaremos a importancia da oralidade na creación poética trobadoresca. Farémolo mergullándonos nas cantigas de escarnio e na conformación de certos ciclos coma o *escándalo da Ama* e veremos tamén a importancia da comunicación cifrada, segreda, para que os trobadores puidesen manifestar o seu amor á poderosa señora. Chamaremos a atención sobre formas de executar a poesía medieval (atenderemos a outras manifestacións tal como o Poema de Mío Cid, as cancións trobadorescas en occitano e algunhas da nosa lírica).

Non é necesaria ningunha inscrición para asistir aos monográficos.